

## **REGISTRO ACTIVIDADE VOZ NATURA**

**Curso:** 4º de Educación Primaria.

**Nome da actividade:** "O alumnado peregrino"

### **Descrición da actividade:**

O alumnado e profesorado de 4º de Educación Primaria do colexio Liceo La Paz preparou dúas actividades para traballar o proxecto "Todos somos Camino". A primeira delas consiste en que o alumnado elabore unha figuriña dun peregrino/a con materiais reciclados.

A segunda actividade, levada a cabo en Educación Física, constou de dúas partes: en primeiro lugar, elaboramos un mural do Camiño Inglés de Santiago e as súas diferentes etapas entre A Coruña e a Catedral. Despois, os escolares realizaron, no centro educativo, o Camiño de forma simulada a través da kilometrada na materia de Educación Física.

Segundo ían recorrendo as distintas distancias que compoñen o itinerario, o alumnado de cada grupo de 4º marcou cunha pincha no mural o punto do camiño que realizaran nesa sesión, logrando así percorrer os kilómetros do Camiño nas clases de Educación Física antes de final de curso.

### **Obxectivos da actividade:**

- Fomentar o interés do alumnado polo patrimonio cultural de Galicia, ampliando o seu coñecemento acerca do Camiño de Santiago.
- Sensibilizar ao alumnado a contribuír coa reciclaxe modificando os seus hábitos por uns novos que teñen en conta o respecto e o coidado do planeta.
- Promover no alumnado camiñar diariamente como hábito saudable e respectuoso co medio ambiente.

### **Materiais e recursos que se precisan:**

Para a primeira actividade, a elaboración dunha figuriña de peregrino, utilizáronse materiais reciclados como por exemplo: tubo de papel hixiénico, cartolinas, pegamento, fuxeiras, pinturas, goma eva, cunchiñas pequenas da praia, mondadentes, cordón, lá de cores e rotuladores.

Para a segunda actividade, realizada en Educación Física, preparouse un mural da ruta do Camiño Inglés desde A Coruña ata Santiago. Para a súa elaboración, utilizamos papel continuo, goma eva, cartolina, cores, rotuladores. Imprimíronse, tamén, fotografías de lugares emblemáticos e puntos clave na etapa para colocar no mural. E, por último, as pinchas distribuíronse por aulas, un aula de cada cor, para marcar o progreso na ruta de cada clase.

### **Avaliación e valoración da actividade:**

Os criterios de avaliación que teremos en conta para avaliar este proxecto son:

1. Coñecer a historia e o percorrido do Camiño Inglés de Santiago.
2. Desenvolver a creatividade para planificar e elaborar un peregrino con materiais reciclados.
3. Establecer unha rutina saudable fundamentada en camiñar como práctica de exercicio físico diario.

En conclusión, a valoración xeral desta actividade foi positiva. Destacamos a adquisición de hábitos saudables e hábitos de respecto do medio ambiente nos nosos alumnos e alumnas. A temática do Camiño serviu para traballar coñecementos culturais e xeográficos da nosa terra, así como, xunto coa realización das actividades, para concienciar ao alumnado da importancia do coidado do medio que nos rodea e destacar a importancia da reciclaxe para lograr este obxectivo.

### Registro da kilometrada nas clases de Educación Física







